






XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

En 1948 funda cun amigo mestre (Viñas Cortegoso) a “**Almoneda Monterrey**” dedicada á venda de libros vellos que os dous socios conseguían en casas particulares, pazos, conventos... e que derivará en 1950 na editorial do mesmo nome.

Editorial Monterrey

Tivo unha importancia decisiva no rexurdir das letras galegas na posguerra.

-  Deu a coñecer a autores novos, entre eles **Rodríguez Mourullo**, quen con “*Nasce un árbore*” comeza a chamada “**Nova Narrativa Galega**”.
-  Publicou obras de autores máis ou menos consagrados coma **Otero Pedrayo** ou **Cunqueiro** (*Cantiga nova que se chama Riveira*)
-  Recuperou obras literarias esquecidas e/ou curiosas, coma *El buho gallego* do Conde de Lemos.
-  Coidou moito o deseño e a edición das obras



ANAGRAMA DE EDICIÓN MONTERREY
Debuxo de Urbano Lugris

Títulos en galego na Editorial Monterrey

Roseira do teu mencer
X. Mª Álvarez Blázquez (1950)

Ao ver que non tiñas nome
maxinamos que serías
ventureiriña do monte.

Froleciña ventureira
que -ao millor- nasceu co orballo
n-unha luzada de estrelas.

Coma andábamos a ir
-aventureiriña do monte!
-chamámoste "Colorín".



**Entremés famoso sobre
da pesca do río Miño**
G. Feixoo de Araújo (1953)

Portugués
Quérovos decir, Roleiro,
que a pesca de Portugal
sempre ha de ter máis caudal.

Labrador
Iso non, meu pegureiro.
¿Quen viu nunca en sacolorio
unha cousa coma esa?

Portugués
¡Eu, que che racho a cabeza!

Saca a espada e dalle
Labrador
¡Tamén che racha Borgorio!
Dalle un pao na cabeza e di:
¡Ah de Dios y ah del rey
cun portugués rebeladao!

Cae o portugués cando lle dan e di:
Portugués
¡Válhame o chão por sagrado
que tão devoto beije!
¡Acudí antes que morra,
meus amigos e parentes!
(Gabriel Feixoo de Araújo, 1671)

**Cantiga nova que
se chama Riveira**
Cunqueiro (1957)

Amor de auga
lixeira,
muiñeira

Amor de auga
tardeira,
ribeira.

Amor de auga
frolida,
cantiga.

Amor de auga
perdida,
ña amiga.

Con auga de sede vella
namorar eu namoreina,
meu amigo!

Con unha herba lixeira
namorar eu namoreina,
meu amigo!

Namorar eu namoreina
con unha cantiga leda
meu amigo!

Namorar eu namoreina
con áer da primaveira,
meu amigo!

**Santo da barba dourada:
décimas ao Apóstol**
Martín Torrado (1953)

Santo da barba dourada,
vello honrado, meu patrón;
raio, fillo de trebón;
capitán da roxa espada;
señor da cruz colorada,
valente e forte guerreiro,
a quen todo o mundo enteiro,
polo mar e pola terra,
chama, na paza e na guerra,
Sant-Iago o cabaleiro.
(Martín Torrado, 1617)

**Poesías galegas:
Égloga de Belmiro e Benigno
A Alborada**
N. Pastor Díez (1951)

¡Ai, miña pequeniña!
¡Que ollos tan bonitos tes!
¡Que brilladores!
¡Case salta a alma miña,
e vendo as túas cores,
ver me parece tódolos amores!

Agora que a alborada
os doces paxariños xa cantaron,
e da fresca orballada,
nas perlas os ramiños se pintaron,
agora, ¡que divinos
brillarán os teus ollos cristalinos!